

MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN 2020

ACTA DO 24 DE XULLO DE 2020

Asisten:

Dona Cándida Carnero Blanco, Concelleira en substitución do Sr. Alcalde.

Dona María Yebra-Pimentel López, Interventora do Concello de Chantada.

Don José Antonio Rodríguez Expósito (Comité de empresa-CIGA)

Don Anton Rodríguez Prieto (CIGA)

Dona Begoña Lagos Calvo, (Comité de Empresa CIGA)

Don José Manuel Otero Castiñeira (Delegado do Personal funcionario CSIF)

Don José Berciano Berciano (CSIF)

Don José Angel Conde Blanco (Comité de empresa-CSIF)

Secretario

Jesús Angel Ledo Cores.

1

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as 11 horas e 5 minutos do día de hoxe, 24 de xullo de 2020, reúnese a Mesa Xeral de Negociación do ano 2020, ao abeiro do establecido no RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público para tratar da seguinte ORDE DO DÍA:

1º.-Plantilla e retribucións do personal que se aprobarán xunto co Orzamento Municipal para o exercizo 2020.

Intervén don José Berciano Berciano para preguntar sobre da partida de produtividade e gratificacións que figura na táboa de retribucións.

Resposta a intervención que se trata dun orzamento para 3 meses e que non hai variacións en relación coas do exercizo orzamentario vixente.

Pola CIGA intervén o Sr. Rodríguez Prieto para manifestar que a documentación que é obxecto da orde do día desta mesa debería de ter sido enviada con anterioridade xa que se chega a estas reunións sen información previa.

Intervén o Sr. Berciano para preguntar pola oferta de emprego público así como pola acción social que está ao 0%. Asimesmo continúa propoñendo que se apliquen as mesmas retribucións do personal laboral indefinido ao resto dos contratados laboralmente.



CONCELLO DE CHANTADA

A Sra. Carnero Blanco manifesta que estas propostas poñeranse pronto encima da mesa xa que se ten pensado polo grupo de goberno poñer en marcha o expediente da Relación de Postos de Traballo (RPT) en setembro deste ano.

O Sr. Rodríguez Expósito manifesta que hai unha sentenza xudicial firme que obriga a negociar as táboas salariais e, xa que logo, debería de facerse. Asimesmo manifesta que se deberían de aplicar automaticamente a todo o personal municipal os trienios que se vaian cumprindo sen ter que recorrer a sentencias xudiciais.

A Sra. Carnero Blanco manifesta que segundo o seu criterio xa se esta a facer esta aplicación automática.

O Sr. Berciano manifesta a necesidade de negociar as distintas cuestións que se están a debater e agarda que por parte do Concello se produza unha convocatoria ou convocatorias e xuntanzas previas á Mesa de Negociación e quere deixar constancia de que compe negociar denantes da celebración da Mesa Xeral, xa que vimos cos orzamentos pechados.

Fai alusión a seguir ás reivindicacións do Sr. Otero Castiñeira que veñen sendo reiteradas no tempo así como a aprobación da proposta xaq presentada do desenvolvemento da carreira administrativa dos funcionarios, cuestións ás que non se nos dá resposta. Manifesta que se opta polo silencio e é desalentador acodir ás Mesas de Negociación por non existir unha negociación nin información previas.

Solicita que denantes de aprobar o próximo orzamento se negocie con anterioridade á celebración da Mesa.

A Sra. Carnero Blanco manifesta a intención de facer negociación previa á aprobación dos próximos orzamentos, insistindo que se está con total predisposición por parte do grupo de goberno en sacar adiante a RPT.

O Sr. Rodríguez Prieto (CIGA) manifesta que a RPT vai a supoñer incrementos salariais e, xa que logo, haberá que negociar previamente.

Polo CSIF, Berciano manifesta que non aparece reflectida partida para a RPT.

Polo Sr. Rodríguez Expósito, representando ao Comité de Empresa, maniféstase sobre da comprensividade do personal en relación coa aplicación das subidas salariais que se pretende en varias anualidades, salientando a voluntariedade colaborativa do personal laboral neste senso.

Segue a manifestar, noutra orde de cousas, que existen varias sentencias xudiciais que recoñecen incrementos nas retribucións salariais do personal e que todavía están sen cobrar por parte dos interesados.

O Sr. Berciano interésase polas 3 vacantes de administrativos que se teñen producido no ano 2020 e en relación coa taxa de reposición e se se van a incluír na oferta de emprego público para o ano 2021, instando a que non se amorticen.

2º.-Oferta de emprego público ano 2020.

Polo CSIF o Sr. Berciano manifesta que só existe unha vacante que xa o estaba a principios de ano. Tamén se se levou a cabo o proceso e quedou vacante, por promoción interna.

O Sr. Rodríguez Expósito manifesta que xa se ofertou hai dous anos pero que se atopa sen cubrir.



3.-Rogos e preguntas.

Sr. Berciano.-A RPT non vai a estar para o ano 2021 e insiste en negociar denantes de calquera actuación, sobre todo as retribucións, que haberán de estar consensuadas denantes de pechar as cantidades.

Sr. Prieto (CIGA).-Non imos asistir ás Mesas de Negociación se non se negocia previamente. Para evitar situacións conflictivas. Por situacións menos conflictivas houbo negociacións.

Sr. Prieto (CIGA).-Pregunta.-Contempla o Concello a remunicipalización do SAF.

-Resposta. Sra. Carnero Blanco.-Neste intre ter municipalizado o servizo era inviable e non estamos a falar neste asunto dunha cuestión de prezo, senon de calidade no servizo.

Ábrese un pequeno debate entre o Sr. Prieto e a Sra. Carnero, defendendo o primeiro que é mais económico o servizo municipalizado e a segunda que non, manifestándolle que está en posesión dos datos e xa que logo ten que sabelo.

Remata o Sr. Prieto defendendo a remunicipalización do servizo do SAF

Maniféstase por parte da Sra. Carnero Blaco a instancia do Sr. Berciano que se celebrará unha reunión previa para tratar os asuntos que foron postos de manifesto na reunión de hoxe.

O Sr. Otero Castiñeira pon de manifesto que dada a situación actual da plantilla de personal e posible recuperar a acción social para os empregados públicos.

Finalmente pola Sra. Carnero Blanco, maniféstase a intención de poñer en coñecemento do Sr. Alcalde as asuntos postos de manifesto nesta Mesa e convocar mesas de traballo previas á propia de Negociación.

Non habendo máis asuntos a tratar, levántase a reunión pola sendo as once horas e corenta e cinco minutos do expresado día.

